



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Asignacións grupos municipais

Expediente. 2023/E005/000001

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo, que se fai público para xeral coñecemento:

«**Primeiro.** Aprobar a asignación, a cada un dos catro grupos políticos municipais (Grupo Socialista, Grupo Popular, Grupo de Alternativa dos Veciños e grupo do Bloque Nacionalista Galego), dunha dotación económica trimestral cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos:

Un concepto fixo de 300,00 €, a cada Grupo Político municipal constituído.

Un concepto variable de 100,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo Grupo Municipal.

Estas asignacións percibiranse por trimestres vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ao vencemento.

Segundo: As asignacións recollidas no apartado anterior, non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Así mesmo cada Grupo deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación cando este órgano o solicite.

Terceiro: Notificar o presente acordo a cada un dos Grupos Políticos deste Concello.»

Bergondo, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa-Presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2023/5242